



Xornada

Francisco Sánchez no IV centenario da súa morte

Edificio Francisco Sánchez - Sala Félix Rodríguez González

Tui

14 de novembro de 2023

40 anos coa cultura galega



Ego Franciscus Sanctius, hispanus, natus in civitate Tudensis, así asinou o médico e filósofo Francisco Sánchez a súa inscrición na Facultade de Medicina de Montpellier no ano 1573. Este texto, recuperado en 1909, clarexa as dúbidas sobre o seu lugar de nacemento no ano 1550, Tui. Ao ano seguinte foi bautizado en Braga.

A súa familia —de ascendencia xudía— reside en Tui entre 1558 e 1564 pois documentamos aquí a seu pai, o médico Antonio Sánchez. A presión social e inquisitorial aos “ cristiáns novos ” obriga a familia Sánchez a fuxir a Bordeos, onde Francisco continúa a súa formación, que completa logo en Roma e Montpellier, e finalmente instálase en Tolosa (Francia). Alí traballa como médico no Hospital de Santiago e incorpórase á universidade tolosana, primeiro como profesor de Filosofía e logo de Medicina. Morre en Tolosa o 16 de novembro de 1623, hai agora 400 anos.

Francisco Sánchez, coñecido como “ O Escéptico ” ou “ O Tudense ”, ten un espírito polifacético, que o leva a interesarse tamén pola astronomía e a matemática. Observador infatigable da natureza, auténtico prototipo do home do Renacemento, legounos unha obra que foi predecesora da revolución filosófica dos séculos XVII e XVIII.

Con esta xornada e no IV centenario da súa morte, pretendemos dar a coñecer e reivindicar a figura deste tudense, autor da obra *Quod nihil scitur* («Que nada se sabe»), que é unha referencia fundamental do pensamento filosófico europeo de finais do século XVI.

Programa

16:00 horas
Presentación

16:15 horas
Relatorio
A biografía de Francisco Sánchez
Rafael Sánchez Bargiela

16:45 horas
Relatorio
A ascendencia xudía de Francisco Sánchez, o Tui da época e as relacións con Portugal
Suso Vila

17:15 horas
Pausa

17:30 horas
Relatorio
Primus inter pares: O perfil médico de Francisco Sánchez
Gonzalo Gómez García, profesor da
Universidade Francisco de Vitoria

18:15 horas
Relatorio
O pensamento filosófico de Francisco Sánchez
Idalina Maia Sidoncha, profesora da
Universidade da Beira Interior
(Covilhã)

19:00 horas
Peche da xornada

20:00 horas
CONCERTO *A propósito de Francisco Sánchez “o escéptico”*
Vox Stellae (Coro de cámara)
Teatro Municipal – Edificio Francisco Sánchez
Entrada libre

Organizan

Consello da Cultura Galega
Concello de Tui

Coordinan

Silvestre Gómez Xurxo
Rafael Sánchez Bargiela

Lugar

Edificio Francisco Sánchez
Sala Félix Rodríguez González
Rúa Colón, 2
Tui

Asistencia

Entrada libre e gratuíta até completar a capacidade da sala.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organizan:

